

NARRATIVA

Unha comedia de Núñez Singala sobre os que abandonan o galego

Título: Comedia bifida.
Autor: Manuel Núñez Singala.
Editor: Galaxia.

Diña (Elpidia, Elpidiña, Diña), prototipo da nai que lle nega aos seus fillos a lingua na que ela mesma fora educada. Eliseu, paisano que cre que o galego que el fala está mal falado, que o importante é falar castelán porque o galego non serve fóra de Galiza.

Lina e Lana (siamesas, unha d'Coruña e a outra de Vigo), exemplos tamén do resultado da creba xeracional, din que non están en contra do galego mais non o usan porque non lles gusta. E Pepe, empresario *más gallego que nadie*, representando os que teñen fe no bilingüismo, os que pensan que o galego é unha lingua imposta e que o verdadeiramente importante é crear emprego, xerar riqueza diñeira. Son os acusados que Manuel Núñez Singala senta, sucesivamente, no banco desta *Comedia bifida*, desta farsa na que se enxúzan estendidos comportamentos e crenza sociais.

A *Comedia bifida* saíu á luz na colección (Costa Oeste) pa-

A *Comedia bifida* preséntase carente da convencional estrutura en actos, escenas ou cadros, se cadra por querer imprimirlle ar máis dinámico nun achegamento á narrativa.



Manuel Núñez Singala.

ra mozos e mozas; o que dá outra oportunidade para insistir en que este tipo de literatura tamén a deben ler os adultos.

Na acusación, unha suxestiva e engaioladora Luci (Lucifer). Preside San Pedro, o vello San Pedro, coas súas cousas da idade. O avogado defensor é o arcanxo (en realidade un anxo en comisión de servizos) Pimentel, que vai por mandado de San Antón, aínda que tampouco debería ir el senón San Xudas mais houbo unha confusión entre "causas perdidas" e "cousas perdidas" e velai que fora el o asignado.

Trascorre o xuízo en ton de comedia, en ton de farsa,

senfadadamente a un problema que na realidade é unha traxedia. De feito, Singala non precisou dispoñer elementos que nos lembren que entre a ficción e a realidade existe unha complicidade total, deses que te obrigan a pensar que o que estás lendo non é só ficción. En boa parte porque as personaxes, a través dos seus feitos, das súas crenzas e das súas expresións, estannos a lembrar continuamente que acusados e delitos non deixan de ser, malia a súa natureza estereotípica, fondamente reais.

A *Comedia bifida* preséntase carente da convencional estrutura en actos, escenas ou cadros, se cadra por querer imprimirlle ar máis dinámico nun achegamento á narrativa. O certo é que o efecto non se logra e esta decisión non axuda tampouco á lectura, que así bota en falta certos respiros, eses nos que precisamente o lector adoita meditar sobre o lido e que tan ben lle acerafan a unha peza deste estilo, que intenta facer reflexionar.

Sobre as personaxes, quizais debido a que son estereotipos e a obra unha farsa, non se ven portadoras de sentimentos nin estes se transparentan nos diálogos. O xuízo queda visto para sentenza. A sentenza terana que emitir lectores e espectadores (no seu caso) logo de riren, con ese amargor que deixa o saber que a comedia agacha en realidade un drama de proporcións tráxicas.

XOSÉ M. EYRÉ



asegurándonos os sorrisos. Unha maneira de enfrontarse de-

CONTA DE LIBROS

Máis Mariño

'Diccionario' María Mariño, de Esperanza Mariño Davila, é un percorrido pola vida e pola obra da autora que recibe este ano a homenaxe da Real Academia Galega. Ademais dos datos biográficos e bibliográficos, inclúe mapas dos lugares que formaron parte da vida da escritora e referencias de estudos e libros que a teñen por obxecto. Edita TresCres. ♦



Do situacionismo

Laoivento publica agora A *vanguardia da presenza e outros escritos colectivos situacionistas*, de Xesús González Gómez. O escritor compón un ensaio sobre este movemento estético-poético que xurdiu como intento de volver xunguir arte e revolución após o fracaso do surrealismo. O autor debuxa a súa evolución cara á loita política e o seu final, no 1972. ♦



A cuestión céltica

"Foi Galiza un país celta?", preguntase o autor na contracapa deste libro. Velaquí o que tenta discernir A *Galicia celta*, de Antonio Balboa Salgado, un volume que repasa a forma de vivir dos pobos prerrománicos galaicos: a súa relixión, a súa organización social, a lingua, a arte, a relación con Irlanda. Edita Lóstrego. ♦



Manifesta Galiza

Manifestos na literatura galega do século XX

XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ



O manifesto, en primeira instancia, é a mellor maneira de levar a cabo un programa conceptual que abranxe, a maioría das veces, aspectos filosóficos, estéticos e políticos. No século XX galego, todos teñen en común o feito de que son ou propoñen unha teoría militante do poder simbólico, xa que suxiren unha interpretación da realidade literaria e mesmo política, que pretende ser unha indiscutíbel impugnación simbólica das mesmas.

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. **NEW YORK, NEW YORK.** Inma López Silva. *Galaxia.*
2. **OS LIBROS ARDEN MAL.** Manuel Rivas. *Xerais.*
3. **DRAGONA.** Xavier Queipo. *Xerais.*
4. **TRES SEGUNDOS DE MEMORIA.** Diego Ameixeiras. *Xerais.*
5. **BENQUERIDA CATÁSTROFE.** Teresa Moure. *Xerais.*

NON FICCIÓN

1. **DICCIONARIO DE MULLERES GALEGAS.** Aurora Marco. *A Nosa Terra.*
2. **A VIDA SECRETA DE MARÍA MARINO.** Fran Alonso. *Xerais.*
3. **FEISMO? DESTRUIR UN PAÍS.** Varios. *Difusora.*
4. **LINGUA, NACIÓN E IDENTIDADE.** X.R. Freixeiro Mato. *Laoivento.*
5. **O MOVIMENTO LIBERTARIO EN GALIZA.** Dionisio Pereira / Eliseo Fdez. *A Nosa Terra.*

LIBRARIAS CONSULTADAS: *Cartabón (Vigo), Couceiro (A Coruña), Michelena (Pontevedra), Pedreira (Santiago), Souto (Lugo), Torga (Ourense), Central Libreira - Dolores 2. (Ferrol)*

A esquerda en Galiza

Xesús Alonso Montero publica *Intelectuais marxistas e mitalantes comunistas en Galicia (1926-2006)*, un repaso con profusión documental dos 80 anos de presenza das diferentes organizacións de ideoloxía esquerdista baseada nos ensinamentos de Karl Marx. O profesor analiza diferentes persoeiros básicos no comunismo, caso de Santiago Álvarez, Lorenzo Varela ou Luís Seoane, entre outros moitos. Edita Xerais. ♦

